

CPI Plurilingüe Virxe do Monte

XADREZ

1º e 2º de ESO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Curso 2021-2022

ÍNDICE

<u>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</u>	3
<u>2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</u>	3
<u>3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO</u>	
<u>DAS COMPETENCIAS CLAVE</u>	4
<u>4. ELEMENTOS CURRICULARES. ESTÁNDARES</u>	
<u>DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA</u>	6
4.1. CONTIDOS DISTRIBUÍDOS POR TEMAS	12
4.2. TEMPORALIZACIÓN	14
4.3. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	15
4.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	16
<u>5. METODOLOXÍA</u>	16
<u>6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS</u>	117
<u>7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN</u>	18
7.1. PERÍODOS DE AVALIACIÓN	18
7.1.1. <i>Avaliación Ordinaria</i>	18
7.1.2. <i>Avaliación Extraordinaria</i>	18
7.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN	18
<u>8. INDICADORES PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE</u>	19
<u>9. PROGRAMA DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN</u>	
<u>E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES</u>	20
9.1. MATERIA DURANTE O CURSO	20
9.2. MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS	21
<u>10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL</u>	21
<u>11. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR</u>	21
<u>12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</u>	22
12.1. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS	22
12.1.1. <i>Medidas de enriquecemento</i>	22
12.1.2. <i>Traballo por proxectos</i>	22
12.1.3. <i>Medidas de aceleración</i>	22
<u>13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DA PROGRAMACIÓN</u>	23
13.1. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES	23
13.2. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA	24
13.3. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC	24
<u>14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</u>	25
<u>14. PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN</u>	
<u>E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN</u>	25
<u>ANEXO I :ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS CONDICIÓN EXCEPCIONAIS</u>	
<u>DO ENSINOMOTIVADAS POLA PANDEMIA DE COVID 19</u>	26

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O xadrez é un xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento imprescindibles na ESO. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación.

O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación, o cal favorece que cada alumno/a afiance a súa identidade persoal, adquira hábitos de convivencia democrática e aprenda a ser unha persoa independente que aborda a análise de situacións para obter as súas propias conclusións a través dunha actitude crítica ante o mundo.

O bloque "**Fundamentos de xadrez**" desenvolve contidos elementais e prácticos para empezar a xogar ao xadrez, ademais de aprender vocabulario específico noutros idiomas.

O bloque "**O xogo en acción**" dedícase a afondar na adquisición de coñecementos técnicos e tácticos para ir mellorando no xogo.

O bloque "**Transversalidade no xadrez**" pretende desenvolver técnicas de traballo cooperativo, a mellora no manexo das TIC e a análise de diferentes situacións desde a interdisciplinaridade.

CONTEXTO DO CENTRO

O CPI Plurilingüe Virxe do Monte sitúase na parte alta de Feira do Monte, capital do concello de Cospeito, na bisbarra da Terra Chá luguesa, zona de economía básicamente agropecuaria e cunha poboación maiormente dispersa en aldeas e predios con casas illadas, o que inflúe necesariamente na idiosincrasia do CPI: lugar de encontro de non poucos nenos e rapaces que só ocasionalmente se relacionan fóra do centro, ben por cuestión de distancia e falta de transporte, ben por ter que colaborar co mantemento da explotación familiar.

O aproveitamento do tempo na clase resulta decisivo para a formación académica, que debe compaxinarse coa socialización do alumnado nun equilibrio non sempre doado.

O CPI imparte docencia das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, o que facilita a transmisión de información das peculiaridades de aprendizaxe que presenta cada alumno ao longo da súa escolarización no centro. A práctica maioría do alumnado é galegofalante, o que non supón barreira algunha para a integración do alumnado doutras comunidades autónomas ou doutros países.

O alumnado de extracción rural presenta un baixo nivel de confitividade e indisciplina, sendo puntuais e excepcionais os casos graves de faltas de comportamento e de absentismo escolar.

2. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Esta materia contribuirá a conseguir os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, de maneira que o alumnado poida desenvolver as capacidades que lle permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a

discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A materia de Xadrez desenvolve as *competencias clave* como se detalla de seguido.

Neste sentido, a **comunicación lingüística (CCL)** desenvólvese a través do uso do vocabulario específico da materia, da realización de produción escrita e da exposición oral dos razoamentos lóxicos aos que se chegue en cada situación.

A **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)** desenvolveranse nomeadamente coa resolución de problemas de calquera índole mediante o razoamento lóxico. Cómpre sinalar que o xadrez e a competencia matemática van moi unidos pola súa propia natureza.

A **competencia dixital (CD)** vaise desenvolver co frecuente emprego das TIC na procura e no almacenamento de información e coas aplicacións e os programas propios do xadrez.

Aprender a aprender (CAA) é unha competencia de forte presenza no xadrez, pois este reclama constantemente procesos de análise e reflexión do alumnado.

As **competencias sociais e cívicas (CSC)** alcanzaranse a través da realización das actividades de xeito cooperativo, procurando que o alumnado traballe en grupo e interactúe respectando as normas segundo o contexto onde se atope.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** conséguese mediante esta materia a través do desenvolvemento da creatividade, do esforzo persoal, da capacidade de análise, da planificación, da organización e toma de decisións, da resolución de problemas, da xestión de riscos, da avaliación e da autoavaliación, etc., que supón de por si o xadrez.

A **conciencia e as expresións culturais (CCEC)** vaise traballar a través da análise da evolución histórica do propio xogo e mais das diferentes tendencias artísticas nos deseños das pezas do xadrez ao longo da historia e nas diferentes culturas.

4. ELEMENTOS CURRICULARES. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA

Os estándares de aprendizaxe **son especificacións dos criterios de avaliación** que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumno debe saber, comprender e saber facer en cada materia; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Para esta materia temos a seguinte concreción, sinalando en laranxa os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles e, en laranxa claro, os contidos e criterios de avaliación correspondentes:

Bloque 1: Fundamentos do				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g	<input type="checkbox"/> B1.1. Taboleiro: colocación, cadros, columnas, ringleiras, diagonais, flancos e centro.	<input type="checkbox"/> B1.1. Utilizar adecuadamente o taboleiro de xadrez.	<input type="checkbox"/> XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar.	<input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB1.1.2. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> i <input type="checkbox"/> o	<input type="checkbox"/> B1.2. Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez.	<input type="checkbox"/> B1.2. Coñecer as pezas do xadrez e o seu vocabulario específico en diferentes linguas.	<input type="checkbox"/> XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.	<input type="checkbox"/> CCL
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> l	<input type="checkbox"/> B1.3. Movementos das pezas. <input type="checkbox"/> B1.4. Reloxo: tipos ao longo da historia. <input type="checkbox"/> B1.5. Valor das pezas. Equivalencias.	<input type="checkbox"/> B1.3. Aplicar adecuadamente os movementos e o valor das pezas de xadrez no xogo.	<input type="checkbox"/> XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB1.3.3. Identifica os tipos de reloxos ao longo da historia do xadrez.	<input type="checkbox"/> CCL
			<input type="checkbox"/> XAB1.3.4. Utiliza o reloxo nunha partida.	<input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB1.3.5. Realiza operacións combinadas cos valores das pezas, aplicando correctamente a xerarquía de	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.3.6. Realiza e formula actividades e problemas matemáticos onde se manexe o valor das pezas do xadrez de xeito creativo.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE

Bloque 1: Fundamentos do				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g	<input type="checkbox"/> B1.5. Capturas das pezas. <input type="checkbox"/> B1.6. Ameazas e defensas. Xogadas erróneas.	<input type="checkbox"/> B1.4. Realizar adecuadamente en xogadas a captura das pezas, defensas e ameazas, e identificar cando son erróneas.	<input type="checkbox"/> XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g	<input type="checkbox"/> B1.7. Enroque: curto e longo. Condicións para o enroque.	<input type="checkbox"/> B1.5. Utilizar os tipos de enroque e valorar o máis adecuado en cada caso.	<input type="checkbox"/> XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque.	<input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB1.5.4. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA

Bloque 2: O xogo en				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
? b ? f ? g	? B2.1. Concepto de xaque. Defensa e tipos. ? B2.2. Xaque mate. Mates famosos. ? B2.3. Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón. ? B2.4. Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas.	? B2.1. Coñecer e utilizar o xaque, o xaque mate e os mates máis famosos en xogadas con diferentes pezas e coas distintas combinacións.	? XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos.	? CMCCT
			? XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.1.5. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas.	? CMCCT ? CAA
? b ? f ? g	? B2.5. Táboas: tipos.	? B2.2. Identificar e reproducir casos de táboas.	? XAB2.2.1. Distingue todos os casos de táboas.	? CMCCT
			? XAB2.2.2. Reproduce casos prácticos de táboas nunha xogada.	? CMCCT ? CAA
? b ? f ? g	? B2.6. Notación das xogadas: alxébrica e descritiva (clásica).	? B2.3. Anotar correctamente os movementos dunha partida.	? XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida.	? CMCCT
			? XAB2.3.2. Establece equivalencias entre a anotación alxébrica en xadrez coa representación de puntos no plano nos eixes cartesianos.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.3.3. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas.	? CMCCT
? b ? f ? g	? B2.7. Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X.	? B2. 4. Identificar e utilizar con corrección os tipos de combinacións.	? XAB2.4.1. Distingue as fases dunha combinación: formulación, análise e combinación.	? CMCCT
			? XAB2.4.2. Realiza dobres ameazas, cravadas, descubertas e raios	? CMCCT
			? XAB2.4.3. Realiza os dous tipos de descubertas.	? CMCCT
			? XAB2.4.4. Reproduce e formula posicións no taboleiro de xadrez de todos os casos de combinacións.	? CMCCT ? CAA

Bloque 2: O xogo en				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
? b ? f ? g	? B2.8. Intercambios: presión-defensa, intercambios de pezas, simplificación e contraataque.	? B2. 5. Realizar intercambios eficaces ao longo dunha partida.	? XAB2.5.1. Aplica intercambios eficaces ao longo da partida.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.5.2. Identifica cando nunha simplificación se entra no final de xogo.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.5.3. Formula situacións de todos os casos de intercambio de pezas.	? CMCCT ? CAA
? b ? f ? g	? B2.9. Introducción aos principios da apertura. Erros na apertura.	? B2.6. Aplicar as distintas aperturas.	? XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.6.2. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves.	? CMCCT ? CAA
			? XAB2.6.3. Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante.	? CMCCT ? CAA
? b ? g	? B2.10. Final. Finais de rei e peóns. Finais con pezas.	? B2.7. Resolver eficazmente os distintos finais que se poidan presentar ao longo dunha partida.	? XAB2.7.1. Reproduce e aplica a regra do cadrado no final de rei e peóns, a regra da posición, o final de rei contra rei e peón, o final de dous peóns e os finais de dous peóns e	? CMCCT ? CAA

Bloque 3: Transversalidade no				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> c <input type="checkbox"/> e <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> l <input type="checkbox"/> ñ	<input type="checkbox"/> B3.1. Historia do xadrez. Lenda de Sissa. <input type="checkbox"/> B3.2. Campións e campioas do mundo.	<input type="checkbox"/> B3.1. Recoñecer e explicar os feitos históricos máis salientables da historia do xadrez.	<input type="checkbox"/> XAB3.1.1. Utiliza o concepto de sucesión numérica na lenda de	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CCEC
			<input type="checkbox"/> XAB3.1.2. Traballa de xeito cooperativo sobre a evolución do xadrez e das súas pezas en diferentes países, utilizando as TIC.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC
			<input type="checkbox"/> XAB3.1.3. Coñece os/as mellores xogadores/as de xadrez e analiza o papel das mulleres neste xogo.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CCEC
<input type="checkbox"/> a <input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> c <input type="checkbox"/> d <input type="checkbox"/> e <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> i	<input type="checkbox"/> B3.3. Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación (aplicacións de teléfono móbil, programas informáticos de xadrez, espazos virtuais de almacenamento de información, aplicacións de animación estilo flash, scratch, etc.)	<input type="checkbox"/> B3.2. Utilizar as TIC para mellorar a práctica no xadrez.	<input type="checkbox"/> XAB3.2.1. Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB3.2.2. Utiliza espazos de almacenamento de información en rede (blog, wiki, etc.) para favorecer o intercambio de información entre os membros do grupo co que traballe.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE
			<input type="checkbox"/> XAB3.2.3. Coñece e manexa diferentes plataformas de xadrez en liña que reforcen a aprendizaxe dos contidos do xadrez, ademais de poder desenvolver partidas con xogadores/as doutros países.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE

Bloque 3: Transversalidade no				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g <input type="checkbox"/> h	<input type="checkbox"/> B3.4. Xadrez e matemáticas.	<input type="checkbox"/> B3.3. Aplicar as matemáticas para facilitar a comprensión do xadrez.	<input type="checkbox"/> XAB3.3.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar operacións cos distintos tipos de números e porcentaxes a través do xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB3.3.2. Formula e resolve problemas e cuestións xeométricas sinxelas (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, simetrías, perímetros, superficies, etc.) nas que se traballen conceptos do xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB3.3.3. Interpreta e analiza gráficas elementais nun contexto de xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB3.3.4. Representa datos de xadrez en gráficas e calcula a media, a mediana e a frecuencias absolutas e relativas, co fin de extraer conclusións.	<input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE
			<input type="checkbox"/> XAB3.3.5. Calcula probabilidades sinxelas de sucesos ligados a experimentos de xadrez.	<input type="checkbox"/> CMCCT
			<input type="checkbox"/> XAB3.3.6. Elabora cuestionarios sobre contidos que relacionen as matemáticas co xadrez e avalíalos con corrección e precisión.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> g <input type="checkbox"/> h <input type="checkbox"/> n	<input type="checkbox"/> B3.5. Pasatempos con xadrez: sudokus de xadrez, salto do cabalo, lanzarraios (co movemento da torre) etc. <input type="checkbox"/> B3.6. O xadrez na literatura, na música e no cine. <input type="checkbox"/> B3.7. O xadrez nos medios de comunicación.	<input type="checkbox"/> B3.4. Utilizar recursos doutras disciplinas que se relacionen coa cultura do xadrez.	<input type="checkbox"/> XAB3.4.1. Resolve e crea pasatempos de xadrez con autonomía e eficacia.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CMCCT <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB3.4.2. Comprende textos de diferentes xéneros literarios que fagan referencia á temática do xadrez.	<input type="checkbox"/> CCL
			<input type="checkbox"/> XAB3.4.3. Crea e redacta versos emparellados sobre temática do xadrez seguindo modelos establecidos.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA
			<input type="checkbox"/> XAB3.4.4. Resume e analiza de xeito crítico a representación do xadrez no cine.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSIEE
			<input type="checkbox"/> XAB3.4.5. Procura información de actualidade sobre o xadrez e análizaa dun xeito crítico.	<input type="checkbox"/> CCL <input type="checkbox"/> CAA <input type="checkbox"/> CSC <input type="checkbox"/> CSIEE

4.1. CONTIDOS DISTRIBUÍDOS POR TEMAS

Tema 1: Historia do xadrez e o seu contexto

- 1.- Historia.
- 2.- Aspectos deportivos.
- 3.- Contexto xeral.
- 4.- Mecánica do xogo.

Tema 2: O Taboleiro e as pezas

- 1.- Presentación do taboleiro.
- 2.- As relacións rectas e diagonais.
- 3.- Casillas e os seus conxuntos.
- 4.- Presentación das pezas no taboleiro.

Tema 3: Os movementos

- 1.- Movementos de Torre e Alfil.
- 2.- Movementos de Dama, Rei, Cabalo e Peón.
- 3.-Conceptos de mobilidade

Tema 4: Funcións das pezas

- 1.- Nocións de intercambio, captura, ataque, defensa dominio.
- 2.- Primeiro valor da captura.

Tema 5: O Valor

- 1.- Dedución do valor logo de comprender funcións de mobilidade, obxectivos e outros.
- 2.- Capturas en función do valor.

Tema 6: Os Obxectivos

- 1.- Definicións: O mate, o xaque, o afogado.
- 2.- Noción e exemplo de “cercamiento” (co final de D e R vs. R, T e R vs T ou 2T vs. R).
- 3.- A coroación do peón.

Tema 7: O Xaque Mate

- 1.- Configuracións.
- 2.- Cravada e dobre primarios.
- 3.- As formas defender un xaque (Tapo, como, escapo).
- 4.- Patróns de mates típicos.

Tema 8: Formas do mate

- 1.- Configuracións con distinto tipo de pezas.
- 2.- Como se chega ao mate desde unha posición dada.
- 3.- A xogada obrigada (única).
- 4.- Casos de mate nunha xogada e en dúas.
- 5.- Relación da imaxe coa posición dada.
- 6.- A ameaza e a execución como relación de resolución.

Tema 9: Regulamento

- 1.- Léxico fundamental no xadrez.
- 2.-Regras mínimas do deporte.
- 3.- Movementos especiais (o enroque, a toma ao paso).
- 4.- A anotación alxebraica.
- 5.- Pezas coroadas.
- 6.- A regra de táboas.

Tema 10: Vantaxes tácticas

- 1.- Esquema xeral das vantaxes.
- 2.- Ganancias.
- 3.- Sacrificios en pos de obxectivos.
- 4.- Xaques descubertos e xaques dobres.

Tema 11: Dobres e cravadas

- 1.- Casos típicos e relacións cos demais temas tácticos.

- 2.- O concepto de debilidade absoluta e relativa.
- 3.- Debilidade táctica.

Tema 12: O ataque

- 1.- A configuración de posibilidades tácticas coa cantidade de pezas e actividade nun sector das mesmas.
- 2.- O valor da columna aberta.

Tema 13: A combinación

- 1.- Tipos de combinacións.
- 2.- Combinacións no final.
- 3.- O paradoxo da diferenza do material e a ganancia.

Tema 14: Elementos de estratexia

- 1.- O desenvolvemento e a sucesión de vantaxes.
- 2.- Iniciar primeiro.
- 3.- Cando se abandona.
- 4.- O papel da técnica.
- 5.- O centro e a súa importancia.
- 6.- Definición de Dominio e ocupación.
- 7.- Formas de dominio e ocupación.
- 8.- Regras mínimas para cumprir ou destruír.
- 9.- Os dous peóns centrais.
- 10.- Saída efectiva de cada peza.

Tema 15: As aperturas

- 1.- Conceptos de pequena vantaxe aplicados.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Os conxuntos de pezas.
- 4.- A función dos peóns.

Tema 16: Os plans

- 1.- Definición de elementos encadeados.
- 2.- As partes da partida.
- 3.- Da apertura un medio xogo.
- 4.- Nocións de finais básicos con diferentes pezas.

Tema 17: A partida

- 1.- Definicións de iniciativa, espazo e tempo.
- 2.- Integración á táctica e estratexia.

Tema 18: A transversalidade do xadrez

- 1.- Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación.
- 2.- Xadrez e matemáticas
- 3.- Pasatempos con xadrez.
- 4.- A relación do xadrez con outras disciplinas: Música, literatura, cine.

4.2. TEMPORALIZACIÓN

Considerando que a materia ten 1 sesión semanal, o total de sesións no curso estará en torno ás 35 sesións.

En torno ao 10% das sesións perderíanse por diversos motivos (excursións, actividades complementarias...), quedándonos as seguintes sesións efectivas por avaliación:

	Avaliación	Número de sesións
	Primeira avaliación	11
	Segunda avaliación	13
	Terceira avaliación (final)	11

A partir de todo isto, establécese a seguinte **temporalización da materia**:

Avaliación	Bloque temático		Temporalización	
Primeira Avaliación	Bloque 3: Transversalidade no xadrez	Tema 1: Historia do xadrez e o seu contexto		11 sesións
		Tema 2: O Taboleiro e as pezas	1	
	Tema 3: Os movementos	1		
	Tema 4: Funcións das pezas	1		
	Tema 5: O Valor	1		
	Bloque 1: Fundamentos do xadrez	Actividades prácticas	4 sesións	
		Probas de avaliación	2 sesións	

Avaliación	Bloque temático		Temporalización	
Segunda Avaliación	Bloque 2: O xogo en acción	Tema 6: Os Obxectivos	1	13 sesións
		Tema 7: O Xaque Mate	1	
		Tema 8: Formas do mate	1	
		Tema 9: Regulamento	1	
		Tema 10: Vantaxes tácticas	1	
		Tema 11: Dobres e cravadas	1	
		Tema 12: O ataque	1	
		Actividades prácticas	4 sesións	
	Probas de avaliación	2 sesións		

Avaliación	Bloque temático		Temporalización	
Terceira Avaliación	Bloque 2: O xogo en acción	Tema 13: A combinación	1	11 sesións
		Tema 14: Elementos de estratexia	1	
		Tema 15: As aperturas	1	
		Tema 16: Os plans	1	
		Tema 17: A partida	1	
	Bloque 3: Transversalidade no xadrez	Tema 18: A transversalidade do xadrez	1	
		Actividades prácticas	3 sesións	
	Probas de avaliación	2 sesións		

4.3. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Os mínimos esixibles para unha avaliación positiva na materia en relación aos estándares de aprendizaxe, son os seguintes:

Bloque 1: Fundamentos do xadrez

<p>☒ XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar.</p>
<p>☒ XAB1.1.2. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro.</p>
<p>☒ XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro.</p>
<p>☒ XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.</p>
<p>☒ XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.</p>
<p>☒ XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez.</p>
<p>☒ XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas.</p>
<p>☒ XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.</p>
<p>☒ XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.</p>
<p>☒ XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque.</p>
<p>☒ XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida.</p>
<p>☒ XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque.</p>

Bloque 2: O xogo en acción

<p>☒ XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida.</p>
<p>☒ XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.</p>
<p>☒ XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida.</p>
<p>☒ XAB2.3.3. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas.</p>
<p>☒ XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura.</p>

Bloque 3: Transversalidade no xadrez

<p>☒ XAB3.2.1. Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez.</p>
<p>☒ XAB3.2.3. Coñece e manexa diferentes plataformas de xadrez en liña que reforcen a aprendizaxe dos contidos do xadrez, ademais de poder desenvolver partidas con xogadores/as doutros países.</p>
<p>☒ XAB3.3.3. Interpreta e analiza gráficas elementais nun contexto de xadrez.</p>
<p>☒ XAB3.4.2. Comprende textos de diferentes xéneros literarios que fagan referencia á temática do xadrez.</p>
<p>☒ XAB3.4. 5. Procura información de actualidade sobre o xadrez e análizaa dun xeito crítico.</p>

4.4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, centrándonos sobre todo nos estándares de aprendizaxe, que *permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia.*

Para avaliar a materia poderanse utilizar os seguintes instrumentos:

- ☒ Probas escritas (exame clásico), podendo ser este de preguntas cortas, de respostas directas, de tipo test, de preguntas teóricas a desenvolver, etc...
- ☒ Probas prácticas diante do taboleiro de xadrez.
- ☒ Traballos feitos individualmente ou en grupo.
- ☒ Valoración do traballo en clase.
- ☒ Anotacións procedementais derivadas da observación directa, como saídas didácticas na clase, capacidade organizativa, presentación dos traballos, etc...
- ☒ Valoración da curiosidade e interese pola materia, do comportamento, da integración no grupo de traballo, creatividade e investigación persoal.
- ☒ Outras anotacións derivadas da observación directa.

A metodoloxía estará baseada no concepto da aprendizaxe por descubrimento e da aprendizaxe significativa. As actividades que se propoñan adaptaranse en todo momento ao nivel madurativo e cognitivo de cada alumno incluíndo aos alumnos con dificultades significativas de aprendizaxe. O agrupamento dos alumnos será flexible dependendo do tipo de actividades:

- ☒ Individuais.
- ☒ Por parellas.
- ☒ Grupos reducidos.
- ☒ Toda a clase (gran grupo).

Proporanse exercicios e xogos que se farán de catro formas:

- ☒ En fichas con diagramas.
- ☒ No Taboleiro Mural.
- ☒ No Taboleiro Normal de mesa.
- ☒ No Computador.

5. METODOLOXÍA

O desenvolvemento das clases será basicamente o seguinte:

- ☒ As actividades son propostas de forma individual.
- ☒ A medida que van avanzando e profundando nela, os alumnos van comentando e comparando en pequenos grupos os resultados que van obtendo.
- ☒ Finalmente faise unha posta en común de todas as conclusións que obtiveron.
- ☒ As actividades disporanse para que o alumno vaia descubrindo por se mesmo os distintos conceptos e procesos. Só ocasionalmente recórrase á tradicional lección maxistral para explicar algunhas regras e conceptos do xogo do Xadrez

☒ As actividades presentarán unha dificultade gradual; comezando con cuestións moi sinxelas ao alcance de todo o alumnado e aumentando progresivamente a dificultade até chegar ás cuestións máis difíciles. É moi importante partir en todas as actividades de cuestións moi sinxelas que o alumno saiba responder para así potenciar a súa autoestima e desenvolver ao máximo as súas capacidades.

☒ Unha vez que o alumno coñece as regras do xogo se intercalan entre as distintas actividades partidas de Xadrez entre os propios alumnos. Con iso preténdese que o alumno poida constatar a aplicabilidade, na práctica do xogo, dos conceptos adquiridos ao longo das actividades. Ademais do esquema básico descrito anteriormente inclúiranse unha serie de clases cun esquema diferente e así lograr manter a atención e o interese do alumnado ao longo de todo o curso.

Outras actividades que se levarán a cabo para complementar as sesións poderían ser:

☒ Visualización de “Vídeos de Xadrez”.

☒ Lectura en voz alta das noticias sobre Xadrez que aparezan na prensa e nas revistas especializadas. Preguntas sobre os textos lidos para pescudar o nivel de comprensión

☒ Exercicios individuais para avaliar o proceso de aprendizaxe do alumno.

☒ Partidas de Xadrez entre os alumnos

As pautas de traballo que se propoñen durante o desenvolvemento de todas as actividades son as seguintes:

☒ Dar prioridade á creatividade fronte á rutina

☒ Impulsar o interese.

☒ Desenvolver as seguintes capacidades: Explorar, clasificar, conxecturar e modificar a conxectura.

☒ Considerar como elemento básico de traballo a clase.

☒ Favorecer unha aprendizaxe no que se dá prioridade aos procesos.

☒ Buscar nexos de unión do Xadrez con outras disciplinas.

☒ Fomentar a superación persoal fronte á competitividade.

☒ Reflexionar sobre a necesidade que temos de movernos dentro dunhas normas tanto no xadrez como nas demais facetas da vida.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento das clases utilizaranse os seguintes recursos:

- Un taboleiro mural con pezas magnéticas.
- Taboleiros e xogos de pezas completos.
- Ordenadores con conexión a internet, e programas informáticos específicos.
- Material impreso: Fichas de exercicios, diagramas, planillas, etc.
- Libros de xadrez.
- Vídeos sobre xadrez.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

7.1. PERÍODOS DE AVALIACIÓN

7.1.1. Avaliación Ordinaria

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última destas avaliacións coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

7.1.2. Avaliación Extraordinaria

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acadase cualificación positiva na convocatoria de xuño.

Na data de setembro que acorde o centro educativo realizarase un exame que poderá ser escrito o práctico, sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superalo.

O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.

7.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Neste curso terase en conta a seguinte ponderación en función do instrumento de avaliación utilizado.

Instrumento de avaliación	Ponderación
Probos escritos: Todas as preguntas ou problemas irán numerados, e indicarse, se procede, a valoración de cada un, o desconto por faltas de ortografía, o tempo para a realización da proba, etc...	10%
Probos prácticos: Valorarase o manexo dos coñecementos teóricos adquiridos para aplicalos no xogo do xadrez. Estas probas consistirán basicamente en partidas contra outro alumno, ou a resposta do alumnado a situacións cunha determinada colocación das pezas do contrario.	40%
Traballos feitos individualmente: Terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...	
Traballos feitos en grupo: Valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...	
Traballo na aula: Terase en conta a realización das tarefas propostas, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, etc...	40%

A nota da avaliación obterase mediante a seguinte fórmula:

$$x = \frac{0,4 \times P + 0,2 \times T + 0,4 \times A}{100}$$

onde:

☐ P: Nota media das probas escritas, prácticas e orais.

☐ T: Nota media dos traballos realizados, tanto individualmente como en grupo.

☐ A: Nota do traballo na aula.

No caso de que nunha avaliación non se realizara ningún traballo (individual ou en grupo) aplicaríase ao traballo na aula unha ponderación do 60%, polo que a nota calcularíase da seguinte maneira:

$$x = \frac{0,4 \times P + 0,6 \times A}{100}$$

onde:

☐ P: Nota media das probas escritas, prácticas e orais.

☐ A: Nota do traballo na aula.

Considérase que o alumnado supera unha avaliación cando a nota final, unha vez aplicada a ponderación a cada instrumento de avaliación, alcanza un 5.

Poderanse realizar ao longo do curso probas escritas ou prácticas específicas para superar unha determinada avaliación.

Superarase a materia cando a media aritmética das cualificacións finais de cada avaliación sexa como mínimo un 5. Poderase realizar unha proba final que recolla os contidos de todo o curso, debendo obter nesta proba como mínimo un 5 para aprobar a materia.

8. AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A reflexión sobre a propia práctica docente é a mellor vía posible de formación permanente, especialmente, cando se fai con rigor e coa axuda de instrumentos válidos.

Neste sentido, no departamento utilizaranse os seguintes indicadores para avaliar o proceso do ensino e da práctica do profesorado da materia.

A.-Preparación do ensino da materia

A.1.- Domina os contidos da materia e o marco curricular.

A.2.- Coñece as características, coñecementos e experiencias do alumnado. A.3.- Domina a didáctica da materia.

A.4.- Organiza os contidos e os estándares de aprendizaxe de maneira coherente co marco curricular e as particularidades do alumnado.

A.5.- As estratexias de avaliación son coherentes cos estándares de aprendizaxe, e permiten demostrar a todo o alumnado o aprendido.

B.- Creación dun ambiente propicio para a aprendizaxe

B.1.- Establece un clima de relacións de aceptación, equidade, confianza, solidariedade e respecto.

B.2.- Manifesta altas expectativas sobre as posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento de todos os seus alumnos.

B.3.- Establece e mantén formas consistentes de convivencia na aula.

B.4.- Establece un ambiente organizado de traballo e dispón os espazos e recursos en función das aprendizaxes.

C.- Ensino para a aprendizaxe de todo o alumnado

C.1.- Comunica de forma clara e precisa os obxectivos e contidos da materia

C.2.- As estratexias de ensino son coherentes, motivadoras e significativas para o alumnado

C.3.- O contido da clase é tratado con rigorosidade conceptual e é comprensible para o alumnado.

C.4.- Utiliza metodoloxías baseadas nas TIC.

C.5.- Optimiza o tempo dispoñible para o ensino. C.6.- Promove o desenvolvemento do pensamento.

C.7.- Avalía e recolle o proceso de comprensión e ampliación dos contidos por parte do alumnado.

D.- Responsabilidades profesionais como profesor

D.1.- O profesor reflexiona sistematicamente sobre a súa práctica.

D.2.- Constrúe relacións profesionais e de equipo cos seus compañeiros. D.3.- Asume responsabilidades na orientación do seu alumnado.

D.4.- Propicia relacións de colaboración e respecto cos pais.

D.5.- Manexa información actualizada sobre a súa profesión, o sistema educativo e normativa vixente.

D.6.- Participa e comprométese con Proxecto Educativo do centro. D.7.- Organiza e participa nas actividades colectivas do centro.

Os **instrumentos para avaliar os anteriores indicadores** poderían ser algúns dos seguintes, segundo o caso:

- Autorreflexión do profesorado sobre a súa práctica docente.
- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación (obxectivos, contidos, metodoloxía,...).
- Análise dos resultados académicos.
- Reunións entre o profesorado.
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos.

9. PROGRAMA DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

9.1. MATERIA DURANTE O CURSO

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, polo que implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso. En cada avaliación intentarase que existan probas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia.

Tamén se poderán realizar ao longo do curso probas específicas para superar unha determinada avaliación.

9.2. MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS

Ao longo do curso aos/ás alumnos/as entregaráselles unha serie de material didáctico de repaso dos temas da materia pendente, que os entregarán ao/á xefe/a do departamento segundo unhas datas establecidas para a súa corrección. No caso de que o profesor/a o estime necesario, poderá realizarse unha proba escrita ou práctica, e será un método de avaliación que se terá en conta para superar a materia.

Tamén poderá propoñerse a realización dalgún traballo escrito sobre temas que se indicarán puntualmente. Este traballo será entregado nas datas que se indiquen e tamén se terá en conta para superar a materia.

Non se recollerán exercicios nin traballos fóra da data establecida salvo causas debidamente xustificadas.

Ademais, o alumnado disporá dun **exame final ordinario** na data establecida no calendario de exames de materias pendentes. No caso de que non acadase cualificación positiva terá unha convocatoria extraordinaria.

10. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar en setembro poderase realizar unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que o alumno mostra nunha situación de partida contra un contrario. Esta proba non terá repercusión na cualificación da materia.

Antes da sesión de avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consiño mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

11. PROGRAMAS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Para o alumnado repetidor que obtivera una avaliación negativa nesta materia establecerase un plan personalizado para poder superar as dificultades non superadas no curso anterior. Este plan, en función das características do alumnado, poderá consistir nas seguintes actividades:

- ☐ Realización de actividades de reforzo da materia, que se presentarán mensualmente, entre os meses de outubro e maio de cada curso escolar.
- ☐ Atención personalizada ao alumnado na hora do recreo establecida polo departamento, unha vez por semana. A asistencia será voluntaria.

A persoa titora deste alumnado deberá informar ás familias do programa que se estableza en cada caso.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cada alumno e cada alumna é distinto dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe.

Atender á diversidade do alumnado é a única alternativa á aprendizaxe non comprensiva de moitos alumnos e alumnas. Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender.

Atendendo a estas características, procuraremos que a materia de Xadrez permita desenvolver o máximo as capacidades do alumnado que así o demande, e na mesma liña faremos un seguimento o máis personalizado posible co fin de que cada alumno/a desenvolva ó máximo as súas potencialidades. Para iso, cando na aula se detecten casos de alumnos/as que requiran unha atención especial referente ao seu proceso de aprendizaxe ou comportamental, incorporaranse actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel, informando tamén desta situación ao titor ou á titora correspondente.

12.1. ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Axustar a resposta educativa para este alumnado supón ter claro cales son as necesidades educativas que presenta. Pódese afirmar que, en xeral:

- ☐ Precisa dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto

educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.

☒ Require do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.

☒ Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.

☒ Precisa participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.

☒ Élle imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis cá repetición dos contidos.

☒ Cómprelle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

En consecuencia, a sobredotación precisa, por un lado, unha resposta diferenciada e diversificada, con estratexias de ensinanza e aprendizaxe de acordo cos recursos intelectuais que manexan as persoas que a manifestan. Pero por outro lado, tamén precisa que esa resposta diferenciada sexa consecuencia dun continuo de medidas graduais que teñen o seu inicio nas medidas de atención á diversidade recollidas nos documentos institucionais do centro. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

12.1.1. Medidas de enriquecemento

Estas medidas baséase na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización. En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase.

A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Como todas as medidas de adaptación curricular, deben ser establecidas de maneira integral, que van desde as medidas máis xerais nos documentos do centro, pasando polas adaptacións da aula (na metodoloxía, nos materiais, nos agrupamentos, etc.) ata chegar á adaptación curricular individualizada, que está suxeita a unha regulación específica establecida na nosa normativa.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

☒ **As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical:** consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

☒ **A ampliación curricular de enriquecemento horizontal:** o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

12.1.2. Traballo por proxectos

A proposta dun enfoque metodolóxico por proxectos facilitará a permanencia no programa do grupo, a interdisciplinabilidade tan efectiva neste tipo de alumnado e a posibilidade dun avance persoal acorde coas propias capacidades.

12.1.3. Medidas de aceleración

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal.

É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:

- Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.
- Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.

Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna conta coa axeitada madurez emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos.

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DA PROGRAMACIÓN

13.1. PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES

Tal como se recolle nos obxectivos xerais do proxecto educativo do noso centro, o obxectivo fundamental é o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudo e o espírito de superación, e que fomente a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral do alumnado.

Así, desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá. Entre outros valores traballaranse os seguintes:

A) Aprender a ser responsable. Explicar as responsabilidades que deben aprender a adquirir os alumnos e alumnas para poder formarse máis axeitadamente como persoas:

- Responsabilidade cun mesmo ou mesma.
- Responsabilidade coas tarefas a desenvolver.
- Responsabilidade no consumo.
- Responsabilidade coa sociedade.

B) Aprender a ser respectuoso/a. Aportar información, reflexión e debate sobre os catro ámbitos nos que debemos aplicar o respecto se queremos conseguir unha convivencia equilibrada:

- Aprender a ser respectuoso cun mesmo ou mesma.
- Aprender a ser respectuoso cas/cos demais.
- Aprender a ser respectuoso co entorno.
- Aprender a ser respectuoso coa diferenza.

C) Aprender a ser empático/a. Explicar a necesidade de ser quen de entender os/as demais, de poñernos no seu lugar, para así, fortalecer as relacións humanas, fomentar a comunicación entre as persoas e mellorar a sociedade. Poderían tratarse os seguintes temas:

- Sensibilidade cas/cos demais.
- Solidariedade e cooperación.
- Amizade.

D) Aprender a autorregularse. Explicar a importancia do autoconhecimento. Se o alumnado se coñece a si mesmo será capaz de controlar os seus impulsos negativos e poderá afrontar as contrariedades cunha actitude máis positiva. Os puntos a traballar serían:

- ☐ Autoconhecimento.
- ☐ Autocontrol das emocións.
- ☐ Aceptación das normas.
- ☐ Alegría e optimismo.

13.2. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Desde esta materia, e tendo en conta o *plan lector* do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- ☐ Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- ☐ Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- ☐ Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partires do lido).
- ☐ Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- ☐ Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

Para iso, algunhas das actividades propostas poden ser:

- ☐ Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
- ☐ Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co Xadrez.
- ☐ Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- ☐ Elaboración dun vocabulario específico de Xadrez. Nun caderno iranse anotando os diferentes termos específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.

13.3 TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

Utilizaranse *modelos didácticos sinxelos*, ao alcance de todo/a profesor/a que saiba utilizar un editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, cuxa aplicación na aula realmente facilite o seu traballo. Algúns dos modelos que pode utilizar o profesorado están recollidos no *plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación* do centro e móstranse a continuación:

- ▶ **O/A profesor/a explica con axuda da pizarra dixital e o alumnado participa con preguntas**, co que se realiza unha avaliación formativa dalgúns/dalgunhas alumnos/as. A pizarra dixital permite que as explicacións poidan ter un bo apoio audiovisual e mostrar todo tipo de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan.
- ▶ **O alumnado ilustra as explicacións do/a profesor/a.** Despois da explicación do/a profesor/a, algúns/algunhas alumnos/as poden presentar e comentar coa pizarra dixital animacións, imaxes, vídeos, etc...

relacionados co tema, que buscaron previamente en Internet.

- ▶ **O alumnado presenta os seus traballos coa pizarra dixital.** Estes traballos foron realizados de maneira individual ou en grupo por encargo do/a profesor/a. O que se presenta serve de repaso para o resto dos/as alumnos/as e facilita a participación dos/as que queiran corrixir ou engadir algo. Foméntase a expresión oral e a argumentación. O/A profesor/a comenta, corrixir e valora.
- ▶ **Corrección "entre todos" de exercicios en clase.** O/A profesor/a ou os propios estudantes por indicación do/a profesor/a, poden ir presentando e comentando os exercicios que realizaron en formato dixital ou en papel (neste último caso necesítase un **lector de documentos** para proxectar os exercicios). Todos poden expoñer dúbidas e ideas.
- ▶ **A actualidade entra nas aulas.** Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc...
- ▶ **Videoconferencias en clase.** A pizarra dixital facilita que toda a clase poida ver e participar nas comunicacións por correo electrónico, chat ou videoconferencia con estudantes doutros centros, profesores/as, familiares, expertos ou outras persoas relevantes de todo o mundo.
- ▶ **Exercicios "a medida".** Cando se dispón de ordenadores de apoio na aula, o profesor/a pode encargarse a algúns/algunhas alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non se contemplan actividades complementarias nin extraescolares mentres dure a situación de pandemia. Trátase dunha medida preventiva da covid 19, xa que a exposición a riscos innecesarios de contaxio non se compadecen cos protocolos de seguridade sanitaria activados no centro.

16. PROCEDIMENTOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Ao finalizar o curso en xuño, o profesor elaborará unha memoria final onde se recollerán os seguintes puntos en relación a esta materia:

- A) Porcentaxe do cumprimento da programación.
- B) Xustificacións da parte da programación non impartida.
- C) Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica. D) Motivos das modificacións feitas.
- E) Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
- F) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores.

	Insuficiente	Suficiente	Ben	Notable	Sobresaínte
Curso -----					
Curso -----					
Curso -----					

Posteriormente, finalizadas as probas extraordinarias de setembro, modificarase a anterior táboa segundo os resultados obtidos.

ANEXO I

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN ÁS CONDICIÓNIS EXCEPCIONAIS DO ENSINO MOTIVADAS POLA PANDEMIA DE COVID 19

A pandemia de covid 19, que afectou ao desenvolvemento normal do curso 2019-2020, persiste no inicio do 2020-2021, e non se prevé unha solución á crise sanitaria xerada pola expansión do virus a curto ou medio prazo, polo que é presumible que seguirá interferindo negativamente durante o presente curso, sexa polos contidos necesarios que non se impartiron no curso anterior ou polas medidas que, probablemente, haberá que adoptar para facer efectivo o dereito á educación do alumnado que non poida asistir ao centro en aplicación de normas ou protocolos para frear a covid 19.

PLAN DE REFORZO

A materia de Xadrez non se impartiu en 1º de ESO, polo que non hay alumnos que presenten carenzas polos contidos non impartidos no 3º trimestre do curso pasado. Non hai, en consecuencia, plan de reforzo.

CONTIDOS

Aproveitaranse as clases presenciais para impartir contidos teóricos, dando prioridade aos contidos mínimos (sinalados nos cadros correspondentes en laranxa claro), aos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (sinalados en laranxa), explicados pormenorizadamente, de modo que o alumno asimile coñecementos fundamentais. Trátase dunha medida excepcional que vai condicionar a programación de aula, baseada na previsión de momentos de confinamento individuais –tanto do profesor como dos alumnos- ou xerais, nos que a docencia vese limitada polos medios telemáticos, as condicións horarias e as circunstancias persoais de cadaquén.

TEMPORALIZACIÓN

Mantense a temporalización en todos os niveis e non se alterará agás por causas de forza maior, como poden ser as derivadas de medidas sanitarias impostas polas Administracións competentes ou por problemas técnicos que afecten á alternativa das clases non presenciais.

METODOLOXÍA

O recurso ás TIC será prioritario en caso de non poder desenvolver o curso ou parte del de xeito presencial.

Presencialidade

As clases serán presenciais e nelas desenvolverase a programación coa normalidade que permitan as medidas preventivas da pandemia dentro da aula.

As clases presenciais adicaranse a avanzar nos contidos e a calquera tarefa que resulte máis doado realizar na aula ca distancia. As prácticas que se fagan presencialmente estarán orientadas a consolidar a aprendizaxe dos contidos expostos.

Non presencialidade

Contémplanse dúas posibilidades de ensino telemático: individual e grupal, segundo afecte a un ou a varios alumnos, por unha banda ou, por outra, ao profesor, ao grupo de alumnos ou a ambos á vez.

No caso individual, o profesor manterá contacto mediante correo electrónico e a aula virtual co alumno confinado preventivamente. Colocará contidos en un e/ou noutro medio e resolverá as dúbidas que poidan xurdir. No caso de contar coa formación e os medios tecnolóxicos adecuados, impartiranse clases mediante videoconferencia ou, no seu defecto, elaboraranse titoriais audiovisuais para a aula virtual.

Chegado o caso, sería ideal poder contactar co alumno por videoconferencia na hora de clase ordinaria coa

fin de que se integrara no grupo e participara con este da mesma clase.

No caso grupal, os medios e procedementos serían os mesmos que no caso anterior. Se o profesor é quen debe estar confinado preventivamente, faría chegar ao grupo os materiais escritos e/ou audiovisuais para traballar na clase, sen prexuízo de que houbera posibilidade de impartir docencia por videoconferencia na propia hora de clase.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A aula virtual do centro o alumnado disporá de materiais elaborados polo profesor, así como ligazóns con sitios web sobre temas que se vaian abordando.

Os materiais estarán presentes na aula virtual durante as clases presenciais ou antes das non presenciais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Non cambian con respecto á programación ordinaria, agás que as Administracións educativas impoñan outros criterios en virtude de situacións de emerxencia. Valoraranse cun peso maior as probas prácticas individuais e en equipo, sen prexuízo de que se poidan realizar probas teórico-prácticas individuais para afianzar coñecementos, para comprobar a autoría dos traballos feitos en casa ou para recuperar a materia. Por outra banda, toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de estar copiado ou de non ser de elaboración propia será cualificado cunha nota numérica de 0.

AVALIACIÓN INICIAL

Polas razóns expostas no plan de reforzo, a avaliación inicial vaise facer cos criterios ordinarios. En 4º de ESO, porén, haberá unha avaliación dos contidos non adquiridos no curso anterior para elaborar o tema 0 e poner ao día a alumnado que escolleu EPVA.

O profesor



*Jesús Mª Juaristi Linacero
En Cospeito, a 15 de setembro de 2021*

